



CONCELLOS

O CORGO

Anuncio

Visto unha omisión involuntaria no anuncio publicado o día 9 de xuño de 2021 no Boletín Oficial da provincial de Lugo, núm 129 referente as Bases que rexerán o “PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL E FORMACIÓN DE BOLSAS DE EMPREGO Ó ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO RURAL E DO MAR E A ENTIDADE LOCAL MEDIANTE A ACTUACIÓN DE BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS.”, corríxese do seguinte xeito na base cuarta, apartado sistema selectivo, incluíndo o seguinte párrafo ó principio da base cuarta:

Realizarase un recoñecemento médico previo a proba física común a tódolos postos de traballo que garanta a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas habituais dos postos de traballo convocados á que se aspira, e no que se fará constar que non se padece enfermidade ou limitación física ou psíquica incompatible coas funcións do posto, segundo o establecido como excluínte na base 3, letra d). No suposto de que o resultado sexa non apto, o candidato aínda que superase as probas selectivas non poderá ser contratado.

A presente corrección non interrompe o prazo de presentación de instancias.

O Corgo, 11 de xuño de 2021.- O Alcalde, Felipe Labrada Reija.

R. 1779

COSPEITO

Anuncio

BASES QUE HAN DE REXER A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓN A TEMPO PARCIAL MEDIANTE UN CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA DO CONCELLO DE COSPEITO

Por Resolución de Alcaldía de data 10 de xuño de 2021 aprobáronse as bases que han rexer a convocatoria para a creación dunha Bolsa de Traballo de Oficial de Primeira, coas seguintes características:

- **Contratación a tempo parcial mediante un contrato de substitución dun oficial de primeira do Concello de Cospeito**

Fanse públicas as referidas bases na súa integridade:

BASES PARA A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA CONTRATACIÓN A TEMPO PARCIAL MEDIANTE UN CONTRATO DE SUBSTITUCIÓN DUN OFICIAL DE PRIMEIRA DO CONCELLO DE COSPEITO

PRIMEIRA. OBXECTO DAS BASES

A presente convocatoria ten por obxecto a creación dunha Bolsa de Traballo para a selección de persoal laboral Oficial de Primeira, para a formalización dun contrato de substitución, vinculado á xubilación parcial do persoal municipal que accede á mesma.

A selección das persoas relevistas debe facerse mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de igualdade, mérito e capacidade e publicidade, nos termos previstos na EBEP.

O sistema de selección será o de concurso -oposición libre.

SEGUNDA. MODALIDADE DO CONTRATO

A praza ten natureza laboral de carácter temporal. O contrato de substitución é a tempo parcial, para cubrir o 50% da xornada deixada vacante polo traballador municipal xubilado parcialmente. A xornada ordinaria do xubilado parcial vinculado á presente praza a prover mediante contrato de substitución ben sendo a xornada completa con carácter xeral dos empregados públicos.

O posto de traballo a desempeñar polo/a traballador/a relevista será Oficial de Primeira.

A modalidade do contrato é de substitución, regulada no artigo 12.6 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores. Celebrarase cun traballador en situación de desemprego e rexistrado na Oficina de Emprego. A duración do contrato será igual á do tempo que falte o traballador substituído para alcanzar a idade de xubilación. Se ao cumprir dita idade o traballador xubilado parcialmente continuase na empresa, el contrato de substitución que se celebrou por duración determinada poderá prorrogarse mediante acordo coas partes por períodos anuais, extinguíndose en todo caso ao finalizar o período correspondente ao ano no que se produza a xubilación total do traballador relevado. O posto de traballo a desempeñar polo/a traballador/a relevista será o mesmo que o do traballador substituído, é dicir, como Oficial de 1º

TERCEIRA. CONDICIÓN S DE ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Para formar parte nas probas de selección, será necesario reunir os requisitos establecidos no artigo 56 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro:

- Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da citada norma.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- Non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado/a ou inhabilitado/a. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ser sometido/á sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.
- Estar en posesión do título de Graduado Escolar, Educación Xeral Básica (EGB) ou FP1 ou FP de primeiro grao ou módulo profesional nivel II ou módulo experimental de nivel II ou ciclos formativos de grao medio.
- Estar en posesión do permiso de conducir C
- Estar en posesión do CELGA 3
- Atoparse en situación de desemprego e estar rexistrado como demandante de emprego, non ocupado, na Oficina de Emprego, tanto no momento da presentación de instancias, da selección e da contratación.

Todos os requisitos esixidos deberán reunirse o día en que finalice a presentación de instancias e gozar dos mesmos durante o procedemento de selección e mentres se permaneza na lista de espera. Se se trata de títulos obtidos no estranxeiro deberase estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación.

CUARTA. FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

As solicitudes (Anexo I) requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os/ as aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a Bolsa de Traballo que se opte, dirixiranse ao Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Cospeito, e presentaranse no Rexistro de Entrada deste Concello (en horario de 9 a 14:00 horas) ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES contados a partir do día seguinte ao da publicación no BOP, en Taboleiro de Anuncios, Sede electrónica e páxina web do Concello de Cospeito. O cómputo de prazos determinaráo a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Calquera forma de presentación que non sexa directa no Rexistro de Entrada Municipal requirirá o envío simultáneo, coa mesma data de presentación, mediante correo electrónico dirixido ao Excmo. Concello de Cospeito á dirección electrónica concellodecospeito@concellodecospeito.es

As bases das probas selectivas, así como as correspondentes convocatorias, publicaranse no BOP, en Taboleiro de Anuncios, Sede electrónica e páxina web do Concello de Cospeito.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- Instancia de solicitude (ANEXO I).
- Fotocopia do DNI (NIE para cidadáns da UE ou TIE nos demais casos de estranxeiros) ou, no seu caso, pasaporte.
- Titulación esixida na Base Terceira.
- Fotocopia do permiso de conducir C
- Méritos que deban ser valorados na fase de concurso: Contratos de traballo, certificados de empresa, etc.

- Vida Laboral actualizada.
- Certificado CELGA 3
- Copia da tarxeta de inscrición como demandante de emprego, non ocupado.
- Documentación que acrediten os méritos para valorar.

A non achega da documentación para acreditar dentro do prazo de presentación de instancias determinará a imposibilidade de valorar e computar tales méritos. Non se puntuarán os méritos que non se acrediten documentalmente.

O/a participante no proceso selectivo que falsease ou non puidese acreditar a información proporcionada, será excluído/a de o mesmo.

Autorizarase a que a Administración comprobe a veracidade dos datos achegados xunto á solicitude.

QUINTA. ADMISIÓN DE ASPIRANTES

Expirado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará resolución no prazo máximo de CINCO DIAS HÁBILES, declarando aprobada a lista provisional de admitidos/ as e excluídos/ as. Na devandita resolución, que se publicará no BOP, Taboleiro de Edictos, Sede electrónica e páxina web do Concello, sinalarase un prazo de CINCO días hábiles para corrección. Transcorrido o prazo de corrección pola Alcaldía, aprobarase a lista definitiva de aspirantes admitidos/ as e excluídos/ as, que se publicará no BOP, Sede electrónica, Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello.

Os sucesivos anuncios publicaranse no Taboleiro de Anuncios da Sede do Tribunal de Selección que será a páxina web do Concello, Sede electrónica e no Taboleiro de Anuncios Municipal.

Posteriormente, realizarase a valoración de méritos e proposta dos/ as aspirantes seleccionados/ as na Bolsa de Emprego.

SEXTA. TRIBUNAL CUALIFICADOR

A abstención e recusación dos/ as membros do Tribunal será de conformidade cos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os/ as membros do Tribunal son persoalmente responsables do estrito cumprimento das bases da convocatoria, da suxeición aos prazos establecidos para a realización e valoración das probas e para a publicación dos resultados. As dúbidas ou reclamacións que poidan orixinarse coa interpretación da aplicación das bases da presente convocatoria, así como o que deba facerse nos casos non previstos, serán resoltas polo Tribunal, por maioría.

SÉTIMA. SISTEMAS DE SELECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS

O proceso selectivo a realizar será o de concurso- oposición libre.

1º.-Concurso

Esta fase puntuarase cun máximo de 10 puntos.

Non ten carácter eliminatorio. A Baremación levarase a cabo respecto dos aspirantes que tiveran superado a fase de oposición.

A valoración dos méritos realizarase en base aos seguintes conceptos e puntuacións:

A) Formación. Puntuación máxima deste apartado: 3 puntos.

- Cursos de formación: valoraranse aqueles cursos, de formación e perfeccionamento impartidos por Institucións Públicas ou homologadas oficialmente para a impartición de actividades formativas, incluídas todas as accións formativas realizadas ao amparo dos Acordos de Formación Continua cuxo contido teña relación directa coas funcións para desenvolver no posto de traballo. Pola participación como alumnos/ as en cursos sobre materias relacionadas coa actividade para desenvolver, outorgaranse as seguintes puntuacións:

DURACIÓN PUNTUACIÓN

Ata 20 horas.....0,05 puntos

De 21 a 40 horas.....0,10 puntos

De 41 a 100 horas.....0,25 puntos

De 101 a 200 horas.....0,50 puntos

De 201 a 400 horas.....0,75 puntos

De máis de 400 horas.....1,00 punto

Nota: No caso de que os cursos non consten o número de horas non se puntuarán.

Non se valorará a formación realizada para a obtención dos títulos recollidos na base terceira das presentes bases ou calquera outro título que conduza á obtención de certificado de profesionalidade ou título oficial recoñecido pola administración pública pertinente.

B.) Experiencia Profesional. Puntuación máxima neste apartado: 6 puntos.

Puntuarase a experiencia laboral:

1.- Por desempeñar postos de Oficial de Primeira de Mantemento ao servizo dunha administración pública, 0'06 puntos por mes completo traballado. Unicamente valoraranse os traballos desempeñados por unha duración superior a un mes. Reduciranse proporcionalmente os servizos prestados a tempo parcial.

2.- Por desempeñar postos de Oficial de Primeira de Mantemento ao servizo dunha entidade privada, 0'03 puntos por mes completo traballado. Unicamente valoraranse os traballos desempeñados por unha duración superior a un mes. Reduciranse proporcionalmente os servizos prestados a tempo parcial.

Por mes completo entenderanse trinta días naturais e para estes efectos computarase a suma de todos os períodos prestados, pero non se computará ou sumarán os días que resten despois do cálculo.

A acreditación dos méritos precedentes efectuarase cando se trate de servizos prestados á Administración Pública, mediante calquera dos seguintes documentos:

- Contrato laboral ou certificado na que conste a data de nomeamento ou toma de posesión e a data ata a cal se desempeña o posto.
- Certificado emitido pola Secretaría da Administración competente comprensivo da duración efectiva da relación laboral ou certificado da vida laboral expedido pola Seguridade Social.

Cando se trate de servizos prestados en empresa privada requirirase o contrato laboral, onde conste que a categoría e cualificación profesional do traballo realizado, e Informe da vida laboral actualizado expedido pola Seguridade Social.

- C) Estar en posesión da Tarxeta Profesional da Construción (TPC) en vigor: 1 punto

2º.- Oposición

(esta fase realizarase con anterioridade á fase de concurso)

Consistirá en realizar un exercicio de carácter práctico no que se demostren os coñecementos sobre conducción, manexo e funcionamento dun vehículo motobomba e de máquinas palaretroexcavadoras e camión de obra

Este exercicio terá carácter eliminatorio e se puntuará de 0 a 20 puntos. Para superalo será necesario obter un mínimo de 10 puntos

3º.- Oposición

Proba de galego. Eliminatoria (Apto/Non Apto)

Posteriormente se publicará a nova acta do tribunal cos aspirantes aprobados e coas súas puntuacións; así como a data de realización da proba de galego. No caso dos aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 3 ou similar deberán facer o exame.

O exame consistirá na traducción directa dun texto elixido polo tribunal do castelan para o galego sen axuda de diccionario, nun tempo máximo de 30 minutos

OITAVA. RELACIÓN DE APROBADOS/AS

Unha vez terminada a cualificación dos/ as aspirantes, o Tribunal publicará a relación de aprobados/ as por orde de puntuación no Taboleiro de Edictos do Concello, Sede electrónica e na páxina web. Dita relación elevarase ao Presidente da Corporación.

O/a aspirante proposto/a para o seu nomeamento achegará ante a Corporación, dentro

do prazo de tres días hábiles desde que se produza o chamamento, os documentos acreditativos das condicións de capacidade e requisitos esixidos nesta convocatoria, que son:

- a. Fotocopia da Tarxeta da Seguridade Social.
- b. Fotocopia compulsada ou orixinal do título académico correspondente.
- c. Fotocopia compulsada ou orixinal do carné de conducir.
- e. Ficha de Terceiros expedida polo Banco/Caixa.

Se dentro do prazo expresado, e salvo causa de forza maior, o/a aspirante non

reunise os requisitos esixidos quedarán anuladas todas as súas actuacións,

quedando excluído/a de a Bolsa de Traballo, sen prexuízo da responsabilidade en que puidese incorrer por falsidade na instancia.

En tal suposto, o Alcalde do Concello efectuará proposta de nomeamento a favor do/a seguinte aspirante, segundo a orde de puntuación.

De igual forma procederase en caso de renuncia, ou en caso de producirse vacante posterior, de acordo coas normas que regulan o funcionamento das Bolsas de Traballo.

En caso de empate na puntuación de dúas ou máis aspirantes, a orde de prelación entre os mesmos determinarao o número de permisos de conducir, diferentes ao requirido para participar no proceso selectivo. En caso de persistir o empate, resolverase pola maior puntuación en experiencia profesional, segundo a base sétima b). E no caso que continúe o empate resolverase por sorteo entre os/as aspirantes empatados.

NOVENA. FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE TRABALLO

Todas as persoas que superen o proceso de selección serán incluídas nunha Bolsa de Traballo para as futuras contratacións que resulten necesarias a fin de cubrir vacantes temporalmente debidas a xubilacións parciais, baixas por enfermidade, maternidade, substitucións por vacacións ordenadas segundo a puntuación obtida.

O/a integrante da Bolsa que obteña un contrato de traballo causará baixa na bolsa, e unha vez que finalice o seu contrato de traballo co Concello volverá causar alta na bolsa de emprego no posto da mesma que lle corresponda en relación cos puntos obtidos.

A renuncia a un posto de traballo ofertado supoñerá o pase do/a aspirante ao último lugar da bolsa de emprego, salvo que conorra unha das seguintes circunstancias:

- Parto, baixa por maternidade ou situacións asimiladas.
- Enfermidade grave que impida a asistencia ao traballo, sempre que se acredite debidamente.
- Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

DÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS

Os datos de carácter persoal facilitados durante o proceso serán incluídos nun ficheiro cuxo responsable é o Concello de Cospeito co fin exclusivo de realizar a selección dos/as aspirantes ao posto convocado, non podendo ser cedidos a terceiros para ningunha outra finalidade. O dereito de acceso, rectificación, cancelación e oposición ao tratamento dos datos persoais poderá exercitarse en calquera momento ante o propio Concello de Cospeito.

UNDÉCIMA. INCIDENCIAS

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto nas disposicións contidas na Lei 7/85, do 2 de abril, modificada pola Lei 11/99 e a Lei 57/2003, no R. D. Lexislativo 781/86 do 18 de abril, no RDLeg. 5/2015, do 30 de outubro, do texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no R. D. 364/95 e no R. D. 896/91..

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpoñer polos/as interesados/as recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Taboleiro de edictos do Concello e na páxina web do Concello (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

ANEXO I

SOLICITUDE DE PARTICIPACION NO PROCESO SELECTIVO

D. con DNI n.º e domicilio a efectos de notificación en, n.º teléfono....., correo electrónico.....

EXPÓN

PRIMEIRO: Que vista a convocatoria anunciada o Boletín Oficial da Provincia de Lugo n.º de data en relación coa convocatoria e bases de selección para a creación dunha Bolsa de Traballo de Oficial de Primeira no Concello de Cospeito, mediante o sistema de concurso- oposición, conforme ás bases que se publican, no mesmo Boletín, desexo tomar parte no proceso selectivo.

SEGUNDO. Que reúno todas e cada unha das condicións esixidas nas bases referidas á data de expiración do prazo de presentación da instancia.

TERCEIRO. Declaro coñecer as bases xerais da convocatoria relativa ás probas de selección para a creación dunha Bolsa de Traballo de Oficial de Primeira do Concello de Cospeito mediante o sistema de concurso - oposición.

CUARTO. Declaro non acharme incurso/a en causa de incapacidade ou incompatibilidade, e de non ser separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública.

Por todo o cal, SOLICITO que, admita a presente instancia para participar nas probas de selección de persoal referenciada e declaro baixo a miña responsabilidade ser certos os datos que se consignan.

En Cospeito, a de de 2021

O/a Solicitante,

Asdo.:

Segundo. – Convocar as probas selectivas para a creación da Bolsa de Traballo referenciada.

Terceiro. – Publicar o texto íntegro das bases reguladoras no Boletín Oficial da Provincia, Taboleiro de Anuncios, Sede electrónica, na páxina web do Concello de Cospeito, así como na súa Sede electrónica.

Cospeito, 10 de xuño de 2021.- O alcalde, Armando Castosa Alvariño.

R. 1754

LUGO

Anuncio

1/329 APERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA, AUTORIZACIÓN DO GASTO E APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ORGANIZACIÓN NON GOVERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE LUGO (EXERCICIO ECONÓMICO 2021).-Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Servizos Sociais, do 19 de maio de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, subvencións económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social, e que a través dun procedemento de concorrència competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello.

Dacordo co disposto no artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras das subvencións.

O Concello de Lugo aprobou a través do decreto 2137/2020, do 8 de abril de 2020, o IV Plan estratéxico de subvencións do Excmo. Concello de Lugo (2020-2022). Actualización da anualidade 2021 realizada mediante Acordo nº 10/238 da xunta de goberno local do 26 de abril de 2021.

Vistos.

A existencia de crédito suficiente e adecuado na aplicación orzamentaria 23179.48900 por un importe de 10.000€ para a presente convocatoria con retención de crédito RC31023.

O informe proposta do 11 de maio de 2021 de servizos sociais, conformado pola xefa de servizo e pola responsable política.

O informe de fomento de conformidade de bases do 13/05/2021.

O informe de fiscalización de intervención nº 2021/796.

Con base no exposto e visto que o órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrència competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo se establece na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e no parágrafo p) do acordo 28/452 do 17/07/2019 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os, adoptado en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xullo de 2019."

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á convocatoria para o exercicio 2021 de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a execución de proxectos de sensibilización social dentro do termo municipal do Concello de Lugo, de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 10.000 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán por parte dos servizos sociais con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 (RC 31023/2021)

TERCEIRO.- Que se proceda á aprobación das correspondentes bases e anexos que van rexer esta convocatoria, e que a continuación se transcriben:

“BASES XERAIS POLAS QUE SE REGULA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ORGANIZACIÓNS NON GOBERNAMENTAIS DE DESENVOLVEMENTO (ONGD) PARA A REALIZACIÓN DE PROXECTOS DE SENSIBILIZACIÓN SOCIAL NO CONCELLO DE LUGO E OS SEUS ANEXOS (EXERCICIO ECONÓMICO 2021).

ARTIGO 1.- OBXECTO E FINALIDADE.

Estas bases regulan a concesión de subvencións a organizacións non gobernamentais de desenvolvemento (ONGD) para a execución de proxectos de sensibilización social dentro do termo municipal do Concello de Lugo.

Quedan excluídos desta convocatoria os axentes de cooperación diferentes das organizacións non gobernamentais para o desenvolvemento, é dicir, empresas, organizacións empresariais, sindicatos, universidades, institucións financeiras, de aforro, formacións políticas e outros axentes sociais e administracións públicas que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento ou de sensibilización social.

A finalidade da convocatoria é financiar a realización de accións e proxectos que conteñan accións de sensibilización, información e educación para o desenvolvemento. Enténdese por tales as executadas no Concello de Lugo que estean dirixidas a fomentar o espírito de solidariedade, melloren o coñecemento e información sobre a problemática dos países menos desenvolvidos, estimulen a participación da cidadanía lucense nas tarefas de cooperación internacional e desenvolvemento dos pobos.

Os proxectos que se presenten a esta convocatoria non poderán conter na súa formulación ningún tipo de discriminación e/ou exclusión.

As asociacións ou entidades beneficiarias das axudas comprométese e obríganse a non utilizar a imaxe da muller como reclamo e/ou con connotacións de tipo sexual e á non denigración da súa imaxe.

ARTIGO 2.- PRIORIDADES DE CONCESIÓN

Para a concesión destas subvencións consideraranse **prioritarias** aquelas accións encadradas nalgún dos seguintes supostos:

- a) Que se trate de proxectos que fomenten os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos, respecto á diversidade cultural, valores medioambientais e defensa da equidade de xénero.
- b) Que repercuta nun importante número de poboación e mellore os recursos desta.
- c) Que fomenten a crítica das desigualdades mundiais e favorezan actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos.
- d) Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, pobos indíxenas, persoas refuxiadas e desprazadas.
- e) Que fomente a formación e a capacitación de voluntarios/as así como a participación activa da cidadanía ou colectivos destinatarios.

ARTIGO 3.- ENTIDADES BENEFICIARIAS: REQUISITOS

Poderán solicitar as subvencións para a realización de proxectos de sensibilización social as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento que reúnan os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento creado pola Xunta de Galicia en virtude do Decreto 326/2004, do 29 de decembro, polo que se regulan os órganos de coordinación e asesoramento en materia de cooperación ao desenvolvemento e polo que se crea o Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o desenvolvemento, modificado polo Decreto 90/2011, do 5 de maio.
- b) Carecer de ánimo de lucro e non depender economicamente ou institucionalmente de entidades lucrativas.
- c) Ter entre os seus fins institucionais expresos, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas coa sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.
- d) Ter xustificadas en prazo e de acordo coas bases reguladoras de cada convocatoria as subvencións concedidas, con anterioridade polo Concello de Lugo, para o cumprimento de fins análogos, durante os dous exercicios económicos anteriores.

e) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

f) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a de subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ARTIGO 4.-CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA DAS SUBVENCÍONS

Esta convocatoria está dotada cun orzamento total de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900 con destino a gastos correntes dos proxectos de sensibilización social.

ARTIGO 5.- FORMA E PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

1.- As organizacións non gobernamentais solicitantes presentarán, a solicitude de subvención (ANEXO I) xunto coa documentación precisa, dacordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP.

De non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude a data na que se presente a subsanación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE** días hábiles contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no Taboleiro electrónico do Concello de Lugo (www.lugo.gal) debendo inserirse igualmente no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

2.- A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación, agás que esta xa estivera en poder do Concello por tela presentado en anteriores convocatorias e deberá estar actualizada. Neste caso deberán facer constar na solicitude esta circunstancia xunto coa data da súa presentación, expediente no que se atopa eses documentos e dependencia ou órgano ante o que se presentou.

DOCUMENTACIÓN

2.1) Documento acreditativo da representación que ostenta a persoa solicitante e que a faculta para actuar en nome da entidade.

2.2) Copia do código de identificación fiscal da entidade.

2.3) Copia dos estatutos da entidade nos que deberá constar a inexistencia de ánimo de lucro da entidade e que dentro dos fins institucionais ten a realización de actividades relacionadas coa sensibilización social, fomento da solidariedade entre os pobos, cooperación social ou actividades análogas.

2.4) Acreditación de estar inscrita no Rexistro Galego de Axentes de Cooperación para o Desenvolvemento da Xunta de Galicia.

2.5) Declaración responsable, segundo o modelo que figura no **ANEXO II** destas bases, acreditativa de:

- As subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

- Non estar inhabilitada ou incurso en prohibición para obter a condición de beneficiaria de subvencións, de conformidade co establecido no artigo 10 da Lei 4/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia nin do artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social, Facenda Autonómica e Concello de Lugo, respectivamente.

A presentación da solicitude comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións de non débedas tributarias co Concello de Lugo.

2.6) Proxecto de sensibilización social que se formulará de acordo co estipulado nas bases **ANEXO III**.

2.7) Declaración na que conste o compromiso por parte da ONG solicitante de asumir o 10 % do gasto total orzamentado.

2.8) Certificación bancaria acreditativa do número de conta onde se desexa que se ingrese o importe da subvención.

2.9) Calquera outra documentación que se considere necesaria.

O Concello poderá solicitar, se así o estima oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

ARTIGO 6.- SUBSANACIÓN DE DEFICIENCIAS

Se a solicitude presentada pola entidade interesada non reúne os requisitos establecidos nestas bases e/ou non achega a documentación indicada ou está incompleta e/ou ten algún defecto, requiriráselle para que no prazo máximo e improrrogable de dez días hábiles a achegue, complete e/ou emende as deficiencias observadas; indicándolle que, se así non o fixese, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

ARTIGO 7.- PROCEDEMENTO

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia concordantes cos 23, 24, 25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes especificacións:

1.- Órgano instrutor

a) Composición:

Estará integrado por unha persoa técnica adscrita aos servizos sociais municipais.

b) Funcións:

-Requirirle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

-Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

-Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o.

Segundo o disposto no art 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, **queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.**

-O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Concelleira Delegada de Benestar social, Inclusión e Persoas Maiores.

2.- Comisión de Avaliación de Proxectos.

• Composición:

Presidenta/e: Xefe/a do Servizo/Sección de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Vogal: Un funcionario/a adscrito ao servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Secretaría: Un Funcionario/a do Servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

b) Funcións:

A avaliación das solicitudes, realizando o estudo, seguimento e avaliación dos proxectos presentados aplicando os criterios e coeficientes recollidos no artigo 12 destas bases.

3.- Proposta de resolución e órgano competente para resolver

O/A secretario/a da Comisión Avaliadora levantará acta da reunión que incluírá unha proposta de avaliación non vinculante.

Posteriormente, o órgano instrutor elaborará a correspondente proposta de resolución que lle será remitida ao órgano competente segundo o réxime de atribucións establecido no referente a este procedemento.

4.- Prazo para resolver

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de seis meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa poderase entender desestimada por silencio administrativo. A resolución porá fin á vía administrativa, e

contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado Contencioso-Administrativo de Lugo.

5.- Publicidade das subvencións concedidas.

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza Xeral municipal de subvencións e o contemplado no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

ARTIGO 8.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A puntuación máxima outorgable aos proxectos de sensibilización social é de 40 puntos. Será condición indispensable para obter subvención acadar ou superar o 60% da puntuación máxima esixida, o que supón obter un mínimo de 24 puntos na fase de avaliación.

A avaliación rexeráse polos criterios relacionados a continuación. Cada un dos aspectos seguintes será puntuado co rango de puntuación que se indica e sumando todos os produtos obterase a puntuación total de cada proxecto.

a) Experiencia da ONG solicitante (0 a 10)

- Experiencia no ámbito da sensibilización social. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 2 puntos).
- Experiencia no ámbito da sensibilización en Lugo. Número de proxectos realizados nos últimos 4 anos (ata 3 puntos).
- Presenza da entidade no Concello de Lugo coa localización dunha sede permanente (se conta con sede obterá 3 puntos, en caso contrario 0 puntos).
- Achega financeira da ONG ao proxecto presentado, á maiores do 10% do orzamento sinalado como obrigatorio. (ata 2 puntos).

b) Sostibilidade da intervención (0 a 10)

- Que contemple a capacidade de integrar nas distintas áreas e recursos institucionais (educación, saúde, servizos sociais) medidas de carácter permanente relativas á educación para o desenvolvemento (ata 4 puntos)
- Que estean dirixidos a colectivos con elevado efecto multiplicador (asociacións cidadáns, colectivos profesionais, educadores...) (ata 3 puntos)
- Que contemplen unha ampla difusión dos contidos das actividades (ata 3 puntos).

c) Grao de adecuación do proxecto ás prioridades do artigo 2 destas bases (0 a 10)

- Que fomente a crítica das desigualdades mundiais e favoreza actitudes persoais e colectivas solidarias cos máis desfavorecidos (ata 4 puntos)
- Que fomente os valores de solidariedade, comercio xusto, consumo responsable, defensa dos dereitos humanos e os valores medioambientais (ata 2 puntos)
- Que fomente a participación activa dos cidadáns e dos colectivos destinatarios (ata 2 puntos).
- Que dean a coñecer a realidade dos países máis desfavorecidos e das causas que xeran a pobreza e que defendan especialmente a situación da infancia, muller, xuventude, persoas indíxenas, refuxiadas e desprazadas (ata 2 puntos).

d) Coherencia interna do proxecto: e control e verificación (0 a 10)

- Claridade de obxectivos e da metodoloxía para acadalos (ata 4 puntos).
- Claridade e rigor na presentación e redacción do proxecto. Rigoroso detalle orzamentario e coherencia del cos obxectivos do proxecto (ata 4 puntos).
- Que o proxecto prevexa indicadores que sirvan para facer o seguimento e avaliación do proxecto, con especial atención aos indicadores de xénero (ata 2 puntos)

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os proxectos de sensibilización social é preciso calcular o **VALOR PUNTO**. Para isto, divídese a contía total para repartir entre o número total de puntos obtidos polos proxectos correspondentes a cada unha delas.

A contía para outorgar a cada proxecto será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por estes. Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable concederáselle esta última. O importe sobrante distribuírase con idéntico criterio nun único prorrateo.

A contía máxima das subvencións concedidas non superará en ningún caso o 90% do custo da actuación proxectada pola entidade solicitante debendo constar, na solicitude, o compromiso de achegar o 10% do orzamento presentado. **En todo caso, a contía máxima de cada subvención será de 3.000 €.**

Serán admisibles as lóxicas subcontratacións para a realización das actividades que se desenvolvan ao longo do ano no que se realiza o proxecto ata a totalidade do custo da actividade subvencionada, todo isto tendo en conta o sinalado no artigo 29 da Lei xeral de subvencións.

En ningún caso poderá subcontratarse a realización da actividade a persoas ou entidades que se atopen nas circunstancias establecidas no artigo 29.7 da Lei xeral de subvencións, e a entidade beneficiaria deberá acreditar este aspecto.

ARTIGO 9 -GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación.

Serán **gastos subvencionables** os gastos correntes que a continuación se mencionan:

- Os de persoal adscritos ao funcionamento do proxecto.
- Os de arrendamento de bens mobles e inmoables.
- Os gastos de viaxe, desprazamentos e transporte.
- Os de adquisición de material de oficina non inventariable.
- As subministracións de gas, enerxía eléctrica, combustibles, carburantes e comunicacións.
- Vestiario e utensilios adecuados para o desenvolvemento da actividade.
- Os de publicidade, información, difusión, propaganda e reunións directamente relacionados co proxecto.
- Os de funcionamento da acción a nivel local, cando sexan xustificadas quedando excluídos os correspondentes á propia organización local que non sexan imputables á execución do proxecto subvencionado.
- Os gastos asociados á administración da organización solicitante, xestión, supervisión, difusión e sensibilización social da acción, que non excedan do 7% do total dos custos presupostados (custos indirectos).
- En xeral, gastos de escasa entidade e outros gastos diversos.

En todo caso as facturas que se acheguen para os efectos de xustificar o importe da subvención concedida e referentes a gastos de combustible ou teléfono deberán ser identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención, ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola asociación ou entidade beneficiaria, a vinculación coa actividade subvencionada e a aplicación, íntegra ou parcial, do gasto á actividade ou programa subvencionado. Non se subvencionará en concepto de combustible un importe superior a 300€.

No referente aos gastos de aloxamento e desprazamento deberá identificarse persoas usuarias, motivo, lugar e vinculación coa actividade ou programa subvencionado, só se pagarán axudas de custo ás persoas directamente relacionadas coa actividade subvencionada.

Non serán subvencionables:

- Os gastos referentes ao pagamento de taxas e/ou impostos municipais ou calquera outro tributo.
- Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.
- Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.
- Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.
- Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. Terá esta consideración a organización de comidas, catering ou ceas.
- As axudas de custo xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención.

En todo caso, non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

ARTIGO 10.- PRAZO DE REALIZACIÓN

As subvencións poderán outorgarse tanto a proxectos xa iniciados como aos que estean pendentes de realización. Nos proxectos iniciados os comprobantes de gasto que no seu momento se presenten deberán corresponder co ano da convocatoria.

ARTIGO 11.- COMPATIBILIDADES

As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo da actividade. O 10% do gasto total do proxecto presentado deberá ser financiado exclusivamente pola entidade. No caso de existir sobrefinanciamento, a entidade subvencionada deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

ARTIGO 12.- MODIFICACIÓN DO CONTIDO DO PROXECTO

Unha vez recaída a resolución de concesión, a entidade beneficiaria poderá solicitar a modificación do contido do proxecto sempre que responda a causas sobrevidas debidamente xustificadas e se cumpran de xeito acumulativo os seguintes requisitos:

- Non puideran terse en conta no momento da presentación deste.
- Respecten o seu contido esencial aínda que alteren a súa realización nalgún aspecto.
- Se presenten inmediatamente despois de producidas e coñecidas e, en todo caso, antes de que conclúa o prazo para a realización da actividade.

Será necesaria a autorización previa e expresa do Concello de Lugo para calquera modificación do proxecto. Non se admitirán modificacións substanciais del, entendendo por tales aquelas que afecten aos obxectivos, resultados, persoas beneficiarias. Tampouco será autorizada unha modificación do proxecto que precise realizar unha nova avaliación del ou supoña unha variación no orzamento inicialmente presentado, pola posible afectación a dereitos recoñecidos de terceiros.

ARTIGO 13.- ACEPTACIÓN DA SUBVENCIÓN

A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano competente.

ARTIGO 14.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da subvención farase nun único pagamento que será efectivo unha vez xustificada a subvención concedida e realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

ARTIGO 15.- XUSTIFICACIÓN DO GASTO

As entidades beneficiarias deberán presentar por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP, a seguinte documentación:

- Gastos de mantemento de vehículo	
- Gastos de seguro	
- Outros gastos de mantemento	
...	
<u>TOTAL</u>	

SOLICITO

A adxudicación dunha subvención para sufragar gastos de mantemento do taxi adaptado destinado ao transporte público de persoas con mobilidade reducida durante o exercicio económico vixente.

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia da titularidade de vehículo taxi-adaptado e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

Que de resultar beneficiario/a acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, de de 2021

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal.

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:

- Copia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- Copia da licenza de taxista.
- Copia do CIF da asociación ou entidade solicitante.
- Xustificación documental da prestación do servizo de taxi adaptado.
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.^a

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.^aDECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.-Que (si ou non) solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI *
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2020, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2.-Que a actividade servizo de transporte público en taxi adaptado para persoas con mobilidade reducida. Exercicio 2021 para a cal solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas bases xerais.

3.-Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e fronte á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente demostrando este extremo coa presente declaración responsable.

4-Que non estou inhabilitada/o nen estou incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. Que non teño relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

3-Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4-Que si ☐ non ☐ (marcar o que proceda) son titular de vehículo-taxi adaptado modelo _____, matrícula _____ e con licenza municipal de taxi no concello de Lugo núm. _____.

5-Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para adicar aos gastos de mantemento do vehículo-taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida no concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2021.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

Asdo.: _____

ANEXO IIIMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓND./D.^a

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron (especificar número de viaxes realizadas co vehículo (marca e modelo)) con matrícula provisto da licenza municipal de taxi do concello de Lugo núm. .

2-Que o gasto realizado no mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida. Exercicio 2021 ascende á cantidade total de: €

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA.:

<u>Relación de viaxes realizados</u>	<u>Acreedor</u>	<u>Importe</u>

3 Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI *
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2021 solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúouse nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, o cal acredito coa presentación das correspondentes certificacións e **AUTORÍZOLLE ao Concello de Lugo para os efectos de levar a cabo as comprobacións correspondentes** co Concello de Lugo.

4- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron, nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectúouse nos termos solicitados.

Lugo, ____ de _____ de 2021

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.:_____

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 10 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 1756

Anuncio

2/330 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS, AUTORIZACIÓN DO GASTO E APERTURA DE CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A ADXUDICACIÓN DE SUBVENCIÓNS DIRIXIDAS AO MANTEMENTO DE TAXI-ADAPTADO DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA RECOÑECIDA. (EXERCICIO 2021).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Servizos Sociais, do 25 de maio de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, subvencións económicas tanto para sufragar os gastos xerais delas como as actividades que realicen.

O outorgamento de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social, e que a través dun procedemento de concorrència competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello.

Dacordo co disposto no artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo no que se establece para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva que con carácter previo ao outorgamento de subvencións se aprobarán as correspondentes bases reguladoras das subvencións.

O Concello de Lugo aprobou a través do decreto 2137/2020, do 8 de abril de 2020, o IV Plan estratéxico de subvencións do Excmo. Concello de Lugo (2020-2022). Actualización da anualidade 2021 realizada mediante Acordo nº 10/238 da xunta de goberno local do 26 de abril de 2021.

Vistos.

A existencia de crédito suficiente e adecuado na aplicación orzamentaria 23179.48900 por un importe de 14.000€ para a presente convocatoria con retención de crédito RC 30996.

O informe proposta do 12 de maio de 2021 de servizos sociais, conformado pola xefa de servizo e pola responsable política.

O informe de fomento de conformidade de bases do 13/05/2021.

O informe de fiscalización de intervención nº 2021/803 do 20/05/21.

Con base no exposto e visto que o órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrència competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo se establece na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e no parágrafo p) do acordo 28/452 do 17/07/2019 de delegación de competencias da Xunta de Goberno Local na Alcaldía, nas/os Tenentas/es de Alcaldesa delegadas/os de área e nas/os concelleiras/os delegadas/os, adoptado en sesión ordinaria celebrada o día dezasete de xullo de 2019.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excm. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana

(GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPSdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Que se proceda á apertura de convocatoria pública, para o exercicio 2021, das subvencións para o mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida recoñecida de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO.- Que se aprobe o gasto de 14.000 € a que ascende o importe total das subvencións que os servizos sociais outorgarán a esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

TERCEIRO.- Que se aproben as correspondentes bases e anexos que van rexer estar convocatoria, e que a continuación se transcriben:

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. (EXERCICIO 2021).-

Primeira.- Obxecto da convocatoria

Esta convocatoria ten por obxecto regular a adxudicación de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas titulares de licenzas de taxi en vigor e que estén prestando o servizo de transporte público en taxi adaptado no Concello de Lugo para o financiamento parcial de gastos de mantemento dos seus vehículos. Todo isto coa finalidade de garantir a prestación do servizo de transporte público ás persoas con mobilidade reducida para o presente exercicio económico de 2021.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Segunda. Persoas beneficiarias. Requisitos:

As persoas beneficiarias deberán cumprir os requisitos do art 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e os requisitos que a continuación se relacionan, os cales deberán cumprirse na data de remate de presentación de solicitudes e manterse ao longo de todo o prazo de execución da actividade subvencionada.

1) Ser titular dun vehículo adaptado para o transporte de persoas con mobilidade reducida ou discapacidade (taxi adaptado).

2) Ser titular dunha licenza de taxi dentro do termo municipal do Concello de Lugo.

3) Prestar o servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo.

4) Ter, no seu caso, xustificadas as subvencións anteriormente outorgadas polo Concello da Lugo, agás que aínda non transcorrese o correspondente prazo de xustificación.

5) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

6) Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Delegación de Facenda da Xunta de Galicia, coa Dirección Territorial do Instituto Nacional da Seguridade Social e co Concello de Lugo.

7) Non estar incurso en prohibición para obter a condición de beneficiario/a das subvencións de conformidade co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

8) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Terceira. Créditos orzamentarios e contía da subvención.

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
BENESTAR, INCLUSIÓN E PERSOAS MAIORES	23179.48900 _RC30996.	14.000 €

A contía máxima subvencionable será de 2.000 € por cada solicitude presentada.

Cuarta.- Forma e prazo de presentación das solicitudes.

As solicitudes de subvención xunto coa documentación precisa, presentaranse dacordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, (LPACAP) por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o disposto no art.16.4 LPACAP ou ben presencialmente nun rexistro público.

De non facelo así, a unidade tramitadora, ao abeiro do disposto no artigo 68.4 requerirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, considerarase data de presentación da solicitude a data na que se presente a subsanación.

O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE** días hábiles contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse as bases no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e no Taboleiro electrónico do Concello de Lugo (www.lugo.gal) debendo inserirse igualmente no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Quinta-Documentación para achegar coas solicitudes de subvencións.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor, esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que conste a documentación.

Documentación:

-Solicitude, segundo o modelo do **ANEXO I**, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución da actividade solicitada e a autorización ao Concello para comprobar das diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

-Copia do NIF da persoa solicitante ou o da persoa que actúa como representante, se fose o caso, así como documento acreditativo desta representación. Pasaporte ou Tarxeta de Identificación de Estranxeiro da persoa solicitante.

- Copia da licenza de taxista.

-Documentación xustificativa da propiedade dun vehículo taxi- adaptado.

-Xustificación documental da prestación do servizo de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade no termo municipal do Concello de Lugo, poderá achegarse o calendario de traballo elaborado a tal efecto.

-Declaración responsable, segundo modelo que figura no **ANEXO II** destas bases, acreditativa:

1.Das subvencións ou axudas solicitadas e/ou percibidas pola persoa beneficiaria, doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención.

2.De que o servizo de transporte en taxi adaptado para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas presentes bases xerais.

3 De que a persoa solicitante está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Consellería de Facenda Autonómica, Tesourería Xeral da Seguridade Social e o Concello de Lugo. Estas certificacións poderán substituírse pola declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, tendo en conta que o importe da subvención a adxudicar non supera os 3.000 €.

4.De que a persoa solicitante non está inhabilitada nin incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5.De que a persoa solicitante non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

-Certificación dos datos bancarios da persoa solicitante, con correspondencia exacta cos datos achegados polo interesado no que respecta ao nome, NIF e o número de conta bancaria (en formato IBAN).

-Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

Sexta.- Procedemento de tramitación e resolución das subvencións.

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Servizo de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores.

O procedemento instruírse no Servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores, polo técnico ou técnica competente de dito servizo que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentes/as de Alcaldesa delegados/as de Area e nos/as Concelleiros delegados conforme o acordo da Xunta de Goberno Local nº 28/452, do 17/06/2019.

- Comisión avaliadora: Composición:

Presidenta/e: Xefe/a do Servizo/Sección de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Vogal: Un funcionario/a adscrito ao servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Secretaria: Un Funcionario/a do Servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores

Excepcionalmente, o posto de secretaria/o e vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións: Emitir o ditame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instrutor do procedemento.

- Órgano instrutor: funcións:

-Requirirlle á persoa solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

-Requirir os informes precisos e efectuar as comprobacións que estime oportunas a fin de verificar os datos achegados para unha mellor valoración das solicitudes.

-Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento das condicións impostas para adquirir a condición de beneficiaria/o.

Segundo o disposto no art 55. 1 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, **queda exceptuado o requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos no suposto de que o crédito consignado na convocatoria fose suficiente e se acade a contía máxima subvencionable, atendendo ao número de solicitudes unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.**

-O órgano instrutor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola Concelleira Delegada de Benestar social, Inclusión e Persoas Maiores.

-Prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

- A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

- As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto proposto e orzamentado no proxecto deberá ser financiado exclusivamente pola persoa adxudicataria.

No caso de que exista sobrefinanciamento, a/o beneficiaria/o deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

A contía máxima subvencionable será de **2.000 €** por cada solicitude presentada.

Sétima. Publicidade da concesión.

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no art 8 da Ordenanza Xeral municipal de subvencións e o contemplado no TÍTULO II da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais, o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvención (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da Lei 38/2002, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Oitava.- Criterios de valoración e contía da subvención.

De ser preciso realizar unha orde de prelación entre as solicitudes os criterios de avaliación serán os seguintes:

CRITERIO DE AVALIACIÓN	PUNTOS
Non ter recibido subvención nominativa nos últimos 5 anos, un punto por cada ano.	Ata 5
Prestar o servizo de transporte adaptado, un 0,5 puntos por ano de servizo ata un máximo de 5 puntos	Ata 5
Puntuación máxima	10 puntos

Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes, é necesario calcular o valor punto. Para isto, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase por unha única vez o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas, só se realizar

Novena.- Órgano competente para resolver.

O órgano competente para a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións en réxime de concorrència competitiva, é a Xunta de Goberno Local do Concello, segundo se establece na base 24 das Bases de execución do presuposto municipal, no Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e no parágrafo p) do punto PRIMEIRO do acordo da xunta de goberno local nº 28/452 do 17/07/2019, polo que a xunta de goberno local acorda reservar o exercicio das atribucións delegables seguintes: "a aprobación de bases (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tramitados en réxime de concorrència competitiva".

O órgano competente para a resolución será a Concelleira delegada de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores, por delegación da Xunta de Goberno Local.

Décima.- Obrigas das persoas beneficiarias da subvención.

As persoas beneficiarias das subvencións concedidas na presente convocatoria quedan obrigadas á prestación do servizo público de transporte en taxi adaptado a persoas con mobilidade reducida do Concello de Lugo. Este servizo deberá prestarse inexcusamente en toda a franxa horaria da correspondente quenda de traballo, incluído horario nocturno, fins de semán e festivos.

O Concello de Lugo poderá facer calquera tipo de actuación para a verificación do cumprimento desta obriga o que poderá conlevar a redución do importe subvencionable, de ser o caso. As persoas usuarias de taxi adaptado poderán, de ser o caso, presentar a correspondente queixa ante a Comisión de Suxerencias e Reclamacións do Concello de Lugo.

Décimo primeira.- Gastos subvencionables e período de realización.

Os Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021.

Serán subvencionables unicamente os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

- a)-Gastos de combustible
- b)-Gastos de mantemento do vehículo.
- c)-Gastos de seguros do vehículo.
- d) outros posibles gastos de mantemento do taxi adaptado.

O período de realización dos gastos será dende o 1 de xaneiro ata o 30 de NOVIEMBRE de 2021.

Esta subvención é compatible con outras axudas, de entidades públicas ou privadas. En ningún caso o importe da subvención municipal poderá ser de tal contía que, en concorrencia con outros ingresos, subvencións ou axudas, supere o custo da actividade ou proxecto xustificado pola persoa beneficiaria.

Décimo segunda.- Xustificación do gasto e pagamento da subvención.

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar en **REXISTRO** a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade:

a)-**Memoria explicativa da realización da totalidade da actividade subvencionada** segundo o modelo do ANEXO III que conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor, importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

O Concello de Lugo poderá requirir da persoa beneficiaria a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

b)-**Facturas** e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.d 1619/212, do 30 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, coa acreditación **do pago mediante transferencia con xustificación da entidade bancaria cando se trate de gastos iguais o superiores a 2.500,00 €.**

As facturas deberán conter un desglose dos servizos prestados incluíndo os prezos descompostos.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) **Declaración responsable** segundo o modelo que figura no ANEXO III destas bases, acreditativa de:

- **Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto** desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

- **Que a realización da actividade** para a que se concedeu a subvención se **efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.**

- **Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias** fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo. No suposto de non asinar esta declaración responsable neste punto, deberá achegar as correspondentes certificacións acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Xeral da Seguridade Social. En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaráse de oficio trala autorización segundo

- **Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:**

. Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

. Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

. Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o dito requirimento, ditarase a resolución que corresponda en dereito segundo a documentación obrante no expediente.

Décimo primeira Contía para xustificar

A persoa beneficiaria deberá xustificar o **gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do importe do orzamento achegado coa solicitude con independencia do gasto efectivo total devengado. As persoas beneficiarias deben presentar, no momento da xustificación, unha relación totalizada de gastos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.**

De non ter xustificado o importe necesario aos efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gasto subvencionable, minorarase o importe a percibir na contía necesaria, se ben, entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e, xa que logo, a perda do dereito ao cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procedan, no seu caso, dacordo coa normativa reguladora das subvencións públicas.

Décimo segunda. Data límite para xustificar. Pagamento.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2021** Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que as persoas beneficiarias presenten a xustificación pero que esta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle, e concederáselle un prazo de dez días para levalo a cabo.

b) Que as persoas beneficiarias non presenten a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se admite o pagamento anticipado nin pagos parciais

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Décimo terceira. Incumprimentos, réxime de infraccións e sancións.

A contía a aboar graduarase conforme aos importes xustificadas e atendendo ao principio de proporcionalidade, sempre que reúnan os requisitos necesarios.

O réxime de infraccións e sancións será o establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Décimo cuarta.- Anexos.

ANEXOS I: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA O MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EXERCICIO 2021.

ANEXO II: MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN

ANEXO III: MODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓN

ANEXO I

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA GASTOS DE MANTEMENTO DE TAXIS ADAPTADOS DESTINADOS AO TRANSPORTE PÚBLICO DE PERSOAS CON MOBILIDADE REDUCIDA. EJERCICIO 2021.DATOS DO/DA SOLICITANTE.

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME:

APELLIDOS:

DNI:

DATA NACEMENTO:

ENDEREZO:

TELÉFONO:

E-MAIL

DATOS RELATIVOS ÁO VEHÍCULO TAXI PARA O QUE SE SOLICITA A SUBVENCIÓN.

TIPO DE VEHÍCULO	MATRICULA	NÚM. LICENZA MUNICIPAL DE TAXI	Nº DE ANOS QUE LEVA PRESTANDO O SERVIZO DE TAXI ADAPTADO

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS REALIZADOS NO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DE TRANSPORTE EN TAXI ADAPTADO.

<u>RELACIÓN DE GASTOS</u>	<u>CONTÍA</u>
- Gastos de combustible	
- Gastos de mantemento de vehículo	
- Gastos de seguro	
- Outros gastos de mantemento	
...	
<u>TOTAL</u>	

SOLICITO

A adxudicación dunha subvención para sufragar gastos de mantemento do taxi adaptado destinado ao transporte público de persoas con mobilidade reducida durante o exercicio económico vixente.

Autorizo expresamente ao Concello de Lugo a comprobar, de oficio, a circunstancia da titularidade de vehículo taxi-adaptado e a que solicite e subministre, a través de medios informáticos, ou telemáticos os meus datos contidos en ficheiros e obter a información adicional necesaria (a través de medios informáticos ou telemáticos) da propia Administración, doutras administracións públicas e/ou entidades privadas co obxecto de tramitar este procedemento. A información solicitada será utilizada exclusivamente para os fins que xustifican a dita cesión.

Que de resultar beneficiario/a acepto as obrigas sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións.

Lugo, de de 2021

Sinatura da persoa solicitante ou representante legal.

Xúntase a esta solicitude a documentación sinalada no dorso, que se presentará de acordo cos modelos dos ANEXOS

DOCUMENTACIÓN XERAL A PRESENTAR POLA PERSOA SOLICITANTE:

- Copia do DNI/NIE da persoa solicitante ou da persoa representante legal.
- Copia da licencia de taxista.
- Copia do CIF da asociación ou entidade solicitante.
- Xustificación documental da prestación do servizo de taxi adaptado.
- Declaracións xuradas (ANEXO II)
- Certificación bancaria para os efectos de ingreso de ser beneficiario/a
- Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude

ANEXO IIMODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓND./D.^a

con DNI núm.

A.- COMO SOLICITANTE

B.- COMO REPRESENTANTE LEGAL DE D./D.^aDECLARO RESPONSABLEMENTE:

1.-Que (si ou non) solicitei e recibín subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, para a mesma finalidade.

- SI *
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2020, o/a que subscribe solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2.-Que a actividade servizo de transporte público en taxi adaptado para persoas con mobilidade reducida. Exercicio 2021 para a cal solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos nas bases xerais.

3.-Que estou ao corrente no cumprimento das miñas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia e fronte á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente demostrando este extremo coa presente declaración responsable.

4. Que non estou inhabilitada/o nen estou incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. Que non teño relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

3. Que non estou inhabilitado/a nin incurso/a en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, para obter a condición de beneficiario/a da subvención.

4. Que si ☐ non ☐ (marcar o que proceda) son titular de vehículo-taxi adaptado modelo _____, matrícula _____ e con licenza municipal de taxi no concello de Lugo núm. _____.

5. Que me comprometo a utilizar a axuda unicamente para adicar aos gastos de mantemento do vehículo-taxi adaptado destinados ao transporte público de persoas con mobilidade reducida no concello de Lugo.

Lugo, ____ de _____ de 2021.

(DNI, NIE, sinatura do/da solicitante ou representante legal)

Asdo.: _____

ANEXO IIIMODELO DE MEMORIA E DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE XUSTIFICAR A SUBVENCIÓND./D.^a

NIF. nº:

DECLARO RESPONSABLEMENTE:

1-Que durante este exercicio económico e con cargo á subvención concedida se realizaron
(especificar número de viaxes realizadas co vehículo (marca e modelo)) con matrícula
provisto da licenza municipal de taxi do concello de Lugo núm. .

2-Que o gasto realizado no mantemento de taxis adaptados destinados ao transporte público de persoas con
mobilidade reducida. Exercicio 2021 ascende á cantidade total de: €

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES EFECTUADOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA.:

<u>Relación de viaxes realizados</u>	<u>Acreedor</u>	<u>Importe</u>

3 Que (si ou non) recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI *
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2021 solicitei/recibín outra subvención (indicar procedencia e contía):

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA

SUBVENCIÓN RECIBIDA	ORGANISMO CONCEDENTE	IMPORTE CONCEDIDO.

2- A actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se concede a subvención efectúase nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presentou no seu día.

3- Que a persoa abaixo asinante se encontra ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Administración Tributaria, Delegación de Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, o cal acredito coa presentación das correspondentes certificacións e **AUTORÍZOLLE ao Concello de Lugo para os efectos de levar a cabo as comprobacións correspondentes** co Concello de Lugo.

4- Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

- Non foron, nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de subvención pública ou privada ningunha.

- Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

- Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

5- A actividade, proxecto, obxectivo, programa para o que se concedeu subvención efectúase nos termos solicitados.

Lugo, ____ de _____ de 2021

(DNI, sinatura da persoa solicitante ou da autorizada.)

Asdo.:_____

CUARTO.- O texto destas bases publicárase integramente no Boletín Oficial de Provincia de Lugo (BOP); no Taboleiro de Edictos e na páxina web do Concello de Lugo; se ben a publicación da convocatoria no BOP, por conduto da BDNS, será a data para ter en conta para os efectos de presentación de solicitudes,

QUINTO.- Contra a devandita resolución caberá a interposición dos seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación deste acto.
- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante a Xunta de Goberno Local o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (BOE núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación deste acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Lugo, 10 de xuño de 2021.- A Alcaldesa, Lara Méndez López.

R. 1757

Anuncio

4/332 APROBACIÓN DAS BASES XERAIS REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS Á ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL. (EXERCICIO ECONÓMICO 2021).- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta da Xefa de Servizo de Servizos Sociais, do 26 de maio de 2021, na parte expositiva do cal se fai constar:

“De conformidade co establecido no artigo 72 da Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local en consonancia co disposto no artigo 232 do Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, os concellos deben favorecer o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais e sectoriais dos veciños utilizando para tal fin, e na medida na que o permitan os seus orzamentos, subvencións económicas tanto para sufragar os seus gastos xerais como os das actividades que realicen.

A concesión de subvencións é unha técnica de fomento de determinadas actuacións e actividades que se consideran de utilidade pública ou de interese social, e que a través dun procedemento de concorrència competitiva axustada aos principios de obxectividade, transparencia e publicidade permite desenvolver, a través de entidades privadas, actividades que complementan as competencias propias que lle corresponderían ao Concello, como é neste caso a prestación de servizos sociais, etc.

O artigo 25 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións do Concello de Lugo establece, para os procedementos de concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, que con carácter previo ao outorgamento de subvencións, se aprobarán as correspondentes bases reguladoras de subvencións.

O concello de Lugo aproba a través do decreto 2137/2020, do 8 de abril de 2020, o IV Plan estratéxico de subvencións do Excmo. Concello de Lugo para o período 2020-2022. Actualización para a anualidade 2021, mediante acordo da Xunta de Goberno Local núm.: 10/238 de 28/04/21.

Vistos:

- A existencia de crédito suficiente e adecuado na aplicación orzamentaria 23179.48900 por un importe de 38.000 € para a presente convocatoria con retención de crédito RC 31022.
- O informe proposta do 13 de maio de 2021 de servizos sociais, conformado pola xefa de servizo e pola concelleira delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores.
- O informe de fomento de conformidade coas bases do 14/05/2021.
- O informe de fiscalización de intervención núm 2021/808 do 21/05/21.

Con base no exposto e visto que a Xunta de Goberno Local resérvase segundo o acordo 28/452 de data dezasete de xullo de dous mil dezanove, o exercicio das atribucións referentes á aprobación de basos (autorización do gasto) nos expedientes de subvencións tamitados en réxime de concorrència competitiva.”

A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcaldesa Delegada da área respectiva e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sra. D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, Alcaldesa Presidenta do Concello de Lugo (Grupo Municipal PSdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. ÁLVARO SANTOS RAMOS, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Sostibilidade Urbana (GMPsdeG-PSOE); Ilma. Sra. D.^a MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Gobernanza: Economía e Recursos Humanos (GMPsdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial (GMPsdeG-PSOE); Ilma. Sra.

D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cohesión e Dinamización Social (GMPsdeG-PSOE); Ilmo. Sr. D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego); Ilma. Sra. D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua (GMBNG) e a Ilma. Sra. D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Goberno de Participación e Servizos para a Veciñanza (GMBNG), **ACORDA:**

PRIMERO.- Aprobar a apertura de convocatoria pública, para o exercicio 2021, das subvencións ás asociacións e persoas xurídico-privadas sen ánimo de lucro que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social para o desenvolvemento de programas e actividades de interese xeral e sectorial, e para o mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que se levan a cabo estes programas e actividades de conformidade coas bases establecidas neste procedemento de concorrência competitiva.

SEGUNDO - Aprobar o gasto de 38.000,00 € a que ascende o importe total das subvencións que se outorgarán para esta finalidade con cargo á aplicación orzamentaria 23179.48900.

TERCEIRO - Aprobar as correspondentes bases e anexos que van rexer estar convocatoria, e que a continuación se transcriben:

BASES XERAIS REGULADORAS DA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E PERSOAS XURÍDICO PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO, QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL, A TRAVÉS DE ACTIVIDADES DE MERCADO INTERÉS SOCIAL E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTAS ACTIVIDADES. (EXERCICIO ECONÓMICO 2021).-

Artigo 1. Obxecto e finalidade

Estas bases teñen por obxecto a concesión de subvencións por parte do Concello de Lugo, Concellería de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores (Área de Cohesión Social), a asociacións e persoas xurídico privadas sen ánimo de lucro, que desenvolven a súa actividade no eido do benestar social a través de actividades de mercado interese social, inclusión social e outros levados a cabo por entidades que traballan no ámbito social (exercicio económico 2021).

Existen pois dúas liñas de subvención:

- a) Para desenvolvemento de programas e actividades
- b) Para mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestrutura.

Só se recibirá subvención para unha única liña de subvención de xeito que de solicitarse para as dúas; coa correspondente presentación dos anexos II e III, o **órgano municipal competente decantarase pola que desenvolva programas e actividades** por considerar que complementen a programación dos Servizos Sociais realizada dende o Concello de Lugo.

Serán subvencionables as actuacións establecidas no artigo 9 baixo a epígrafe “gastos subvencionables”.

Para o non previsto nestas bases, será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, a Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións, as bases de execución do orzamento, Regulamento de Control Interno do Concello de Lugo e demais normativa legal de aplicación.

Artigo 2. Entidades beneficiarias.Requisitos.

Poderán acollerse a esta convocatoria de subvencións todas as asociacións ou entidades sen ánimo de lucro que cumpran os seguintes requisitos:

- a) Estar legalmente constituídas e domiciliadas no Concello de Lugo. Con carácter excepcional, tamén poderán incluírse aquelas entidades foráneas que pretendan executar, dentro deste termo municipal, un proxecto para o desenvolvemento de accións ou actividades que beneficien á veciñanza de Lugo e que se atopen en situación de desvantaxe. Este punto acreditarase a través da memoria de solicitude de subvención Anexo II ou Anexo III segundo o suposto.
- b) As entidades beneficiarias segundo se trate de asociacións, fundacións ou outras entidades sen ánimo de lucro, deberán estar inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións, Rexistro público de fundación ou calquera outro rexistro público.
- c) Estar ao corrente das súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, locais e da Seguridade Social
- d) Non estar incursas nos supostos previstos nos artigos 10.2 e 10.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como nos 13.2 e 13.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- e) Ter xustificadas debidamente os gastos correspondentes a subvencións concedidas con anterioridade polo Concello de Lugo.
- f) Desenvolver actividades e/ou programas que beneficien a persoas e/ou colectivos en situación de desvantaxe: xoves menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación

regrada ou que presenten fracaso escolar; persoas paradas de longa duración, familia, infancia, persoas maiores, persoas con discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais, reclusas e/ou ex-reclusas; persoas sen fogar e transeúntes, persoas con toxicomanías (alcohólicas e drogodependentes), persoas de protección internacional, persoas inmigrantes, persoas con enfermidades psiquiátricas non institucionalizadas, persoas con enfermidades terminais, minorías étnicas.... Así como actividades e/ou programas que complementen a programación de animación sociocultural realizada dende o Concello de Lugo.

g) Desenvolver actividades e/ou programas que complementen a programación de benestar social realizada pola Concellería de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.

h) Non percibir, durante este exercicio económico, ningunha subvención municipal das previstas nominativamente no orzamento xeral de 2021.

i) Ter presentado na Oficina de Participación Cidadá o orzamento, memoria de actividades anual e renovación dos membros da directiva.

j) Non utilizar a imaxe da muller como reclamo e con connotacións de tipo sexual ou a denigración da súa imaxe (acordo plenario 9/124 do día 30 -06-2016).

Artigo 3. Créditos orzamentarios e contía das subvencións

No orzamento municipal para o exercicio de 2021 existe consignación orzamentaria para a concesión de subvencións segundo a continuación se indica:

Servizo	Aplicación orzamentaria	Importe
SERVIZOS SOCIAIS	23179.48900 RC.31022	38.000 €

Artigo 4. Forma e prazo de presentación de solicitudes

-As solicitudes de subvención, xunto coa documentación precisa, presentaranse, de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4a do mesmo texto legal.

Con expresa indicación de que de non facelo así, a unidade tramitadora, ao amparo do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

A convocatoria para a concesións das subvencións previstas nas presentes bases, segundo o disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro xeral de subvencións se publicará no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

-O prazo para presentar as solicitudes será de **QUINCE DIAS HÁBILES**, contado dende o seguinte ao da publicación oficial do extracto da convocatoria, no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, na forma e nos termos previstos na Lei Xeral de Subvencións (artigo 17.3.b, 18 e 20.8). Así mesmo publicaranse na páxina web do Concello de Lugo (www.concellodelugo.gal) debendo inserirse no “Portal de Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Lugo.

Artigo 5. Documentación para achegar coas solicitudes de subvención

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación, agás que xa estivera en poder do Concello de Lugo por tela presentado en anteriores convocatorias e esté en vigor, esta circunstancia deberá facerse constar na solicitude xunto coa identificación do procedemento no que consta a documentación.

a) Asociacións inscritas no Rexistro municipal de asociacións

-Solicitude, segundo o modelo do ANEXO I, no que se inclúa o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, e a autorización ao Concello para comprobar das diferentes administracións datos tributarios e outras informacións declaradas.

-Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante e documento acreditativo da representación que ostenta na entidade ou asociación.

-Declaración responsable, segundo modelo que figura no ANEXO IV destas bases, acreditativa:

1. Das subvencións ou axudas solicitadas ou percibidas pola entidade solicitante por parte doutras entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras, para o financiamento da actividade para a que se solicita a subvención

2. De que a actividade, proxecto, obxectivo, ou programa para o que se solicita a subvención se vai efectuar nos termos establecidos no proxecto da actividade ou programa que se presenta.

3. De que a entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Consellería de Facenda, Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente, ou no seu caso (aquelas nas que a cuantía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros) incorporar ao expediente declaración responsable por parte da entidade beneficiaria, de atoparse ao corrente das súas obrigas de carácter tributario e de Seguridade Social, conforme o artigo 24.4 do Real Decreto 887/2006, polo que se aproba o Regulamento de la Ley 38/2003, General de Subvenciones.

4. De que a entidade non se encontra inhabilitada nen está incurso en ningunha das causas de prohibición sinaladas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións para obter a condición de beneficiaria da subvención.

5. De que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta entidade non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

6. De que a entidade lle ten comunicado ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socios correspondentes ao ano 2021.

-No caso de subvencións solicitadas para o desenvolvemento de actividades ou programas, deberán presentar unha memoria explicativa, cunha relación de gastos e ingresos, obxectivos, interese xeral, etc. segundo o ANEXO II, que poderá vir acompañado do programa que se estime máis conveniente co fin de acadar unha mellor avaliación.

-No caso de subvencións solicitadas para financiar gastos de mantemento, conservación e pequenas reparacións de infraestruturas da asociación ou entidade, deberase xuntar unha memoria, segundo o ANEXO III, no que se indicará o equipamento do local, réxime de posesión ou uso, descrición do gasto e xustificación da súa necesidade.

-Certificación bancaria na que figure o número de conta da entidade solicitante.

-Certificación da secretaría da entidade, na que conste a existencia ou departamento de muller e igualdade, se fose o caso.

-Acordos ou actas da entidade acreditativas do funcionamento das vogalías ou departamentos específicos de muller.

-Calquera outro documento que se considere de interese para acadar unha mellor avaliación da solicitude.

b) Asociacións non inscritas no Rexistro municipal de asociacións ou outras entidades públicas. Deberán achegar a maiores da documentación sinalada anteriormente a seguinte documentación:

-Copia dos estatutos da entidade co selo do rexistro público correspondente.

-Se a entidade é unha fundación, deberá achegar a acreditación de estar inscrita no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia ou estatal ou en ambos os dous.

-Se a entidade é de índole relixiosa, deberá achegar acreditación de estar inscrita no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que a acredite como tal.

-Fotocopia do CIF da asociación ou entidade solicitante.

O Concello poderá solicitar, se así o estima oportuno para a resolución do procedemento, calquera outro documento que estime conveniente.

Artigo 6. Procedemento de tramitación e resolución das subvencións

O procedemento para a concesión das subvencións previstas nestas bases axustarase ao establecido nos artigos 26, 27, 28 e 29 da Ordenanza municipal de subvencións; nos artigos 20, 21, 22, 23 e 24 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, concordantes cos artigos 23,24,25 e 26 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións coas seguintes precisións:

As solicitudes de subvencións que se formulen de acordo con estas bases, unha vez anotadas no Rexistro xeral de entrada, seranlles remitidas ao Departamento de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores.

O procedemento instruírse no Servizo de Benestar, Inclusión e Persoas Maiores, polo técnico ou técnica competente de dito servizo, que realizará as actuacións que se sinalan no artigo 28 da ordenanza.

O órgano competente para resolver o procedemento é a Xunta de Goberno Local do Concello, competencia delegada nas/os Tenentes/as de Alcaldesa delegados/as de Área e nos/as Concelleiros delegados conforme o acordo da Xunta de Goberno Local núm. 28/452, do 17/06/2019.

-Comisión avaliadora do servizo de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores :

Composición:

Presidenta: A persoa que ostente a xefatura de servizo, ou a xefatura de sección.

Vogal: Un funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo.

Secretaría: funcionario coa categoría de técnico/a adscrito ao servizo

Excepcionalmente, o posto de secretaria e de vogal poderán ser acumulados na mesma persoa.

Funcións:

Emitir o dictame no que concrete o resultado da avaliación efectuada á vista dos expedientes e informes remitidos polo órgano instructor do procedemento.

- Órgano instructor funcións:

-Requirirle á entidade solicitante naqueles supostos nos que a documentación presentada resulte incompleta e/ou defectuosa para que no prazo de dez días hábiles emende as deficiencias observadas, de conformidade e cos efectos previstos no artigo 25 da lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas considerándose desistida do seu dereito se transcorrido o prazo non atende ao requirido.

-Requerir os informes e efectuar as comprobacións que estime necesarias para verificar os datos aportados co fin de realizar unha correcta valoración das solicitudes.

-Realizar a preavaliación das solicitudes verificando o cumprimento dos requisitos impostos para adquirir a condición de persoa ou entidade beneficiaria e efectuar a avaliación de acordo cos criterios, formas e prioridades dispostos na convocatoria, elevando o correspondente informe á comisión de avaliación de cada un dos expedientes.

-O órgano instructor, en función da puntuación obtida por cada expediente, formulará a proposta de resolución que será aprobada pola concelleira delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores.

-O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento. Este será de SEIS MESES, contados a partir do día seguinte ao da publicación da convocatoria. Transcorrido o dito prazo sen que se adopte resolución expresa, a solicitude poderase entender desestimada.

A resolución poñerá fin á vía administrativa, e contra ela as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de reposición ante o mesmo órgano ou ben, alternativamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo.

-Non se admite a reformulación das solicitudes para os supostos nos que a subvención concedida sexa inferior á que figura na solicitude.

-A aceptación da subvención concedida entenderase efectuada se no prazo de quince días hábiles, contados a partir do seguinte hábil ao da notificación, non renunciase a ela expresamente mediante escrito dirixido ao órgano concedente.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións doutras administracións públicas ou entidades privadas poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

-As subvencións que se outorguen ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o 90% do custo total da actividade. O 10 % do gasto do orzamento presentado para solicitar a subvención deberá ser financiado exclusivamente pola asociación ou entidade.

No caso de que exista sobrefinanciamento, a entidade beneficiaria deberá proceder ao reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

Artigo 7. Publicidade das subvencións concedidas

Procederáse á publicación da concesión das subvencións outorgadas de conformidade co establecido no artigo 8 da Ordenanza xeral municipal reguladora da concesión de subvencións e o contemplado no Título II da lei 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno. Ademais o Concello deberá facilitar a información procedente á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), conforme ao disposto no artigo 18.2 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Artigo 8. Criterios de avaliación e contía da subvención

1-A concesión ou denegación das subvencións, así como a súa cuantificación económica, efectuarase tendo en conta os seguintes criterios:

Criterio de valoración	Puntuación
Interese xeral da actividade ou programa. Valorarase especialmente a súa incidencia real na colectividade.	Ata 4
Especialización na atención a colectivos aos que vai dirixida a actividade.	Ata 2

Criterio de valoración	Puntuación
Claridade e rigor na presentación e redacción do programa a subvencionar. Riguroso detalle orzamentario:	Ata 1
Carácter permanente e continuo da actividade ou programa durante os últimos tres anos.	Ata 1
Que se trate de entidades que presenten unha traxectoria de coordinación e colaboración nas súas actuacións co Concello.	Ata 3
Que se trate de actuacións dirixidas a colectivos en especial situación de desvantaxe ou con especiais dificultades de inserción social.	Ata 4
Que a entidade conte cunha vogalía ou departamento de muller ou igualdade.	1 puntos
Que se trate de programas en zoas do municipio con menor incidencia da acción e participación social.	Ata 4
Puntuación máxima	20 puntos

2-Denegaráselles a subvención ás entidades:

a)-Cuxos programas e/ou actividades non acaden unha puntuación mínima igual ou superior ao 30% da puntuación total (6,00 puntos).

b)-Que soliciten subvención por un importe superior ao 90% do custo total da acción subvencionada, segundo o orzamento presentado xa que o 10% restante é de obrigada asunción pola entidade.

3-Unha vez sumada a puntuación obtida por todos os expedientes que, reunindo os requisitos, igualen ou superen a puntuación esixida, procederase a achar o valor punto. Para elo, de acordo co artigo 22.1 da LXS prorratearase o importe total a repartir entre o número total de puntos obtidos por todas as accións subvencionadas.

4-A contía a outorgar a cada entidade será a resultante de multiplicar o valor punto polo número de puntos obtidos por cada unha delas sen que, en ningún caso, as cantidades individuais a outorgar poidan superar os seguintes límites:

<u>Tramos puntuación</u>	<u>Contía máxima a outorgar</u>
1º tramo: de 6.00 a 11,00 puntos	1.700,00 €
2º tramo: de 11,01 a 15,00 puntos	3.350,00 €
3º tramo: de 15,01 a 20,00 puntos	5.000,00 €

Se a cantidade resultante desta operación fose superior á subvención solicitada e subvencionable, concederáselle esta última.

O importe sobranste, de ser o caso, distribuírse con idéntico criterio e nun único prorratio.

Artigo 9. Gastos subvencionables

1-Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen con anterioridade á finalización do período de xustificación, e en todo caso dentro do ano 2021.

2-Serán subvencionables os gastos correntes necesarios para o desenvolvemento da actividade, tales como:

-Alugamentos,

-Gastos de transporte.

-Gastos de pequena reparación, mantemento e conservación de bens propios ou alugados,

-Adquisición de material non inventariable, vestiario, subministracións (gas, electricidade, teléfono, combustible...). No caso de que se aporten facturas relativas a combustible ou teléfono deberán estar identificadas a nome da entidade beneficiaria da subvención. Os gastos de combustible en ningún caso poderán superar o importe total de 300 € e deberán acompañarse de documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a vinculación do gasto á actividade ou programa subvencionado...

-Outros gastos diversos como publicidade, imprenta, etc.

3-Tamén serán subvencionables os gastos de persoal necesario para o desenvolvemento dos programas e actividades subvencionadas.

4-Non serán subvencionables:

-Os gastos de bebidas alcohólicas ou calquera outro produto que sexa prexudicial para a saúde.

-Os gastos de investimento, tales como adquisición, construción e reforma de bens inventariables.

-Os xuros debedores de contas bancarias, xuros, recargas e sancións administrativas e penais e os gastos de procedementos xudiciais.

-Os gastos de degustación gastronómica de calquera tipo. En todo caso terá esta consideración a organización de comidas, *catering* ou ceas.

-As dietas xenéricas nas que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto da subvención.

En todo caso non serán subvencionables os gastos nos que non se xustifique axeitadamente a vinculación directa coa actividade ou proxecto obxecto de subvención, o material inventariable, as celebracións, eventos ou actos protocolarios non directamente vinculados coa actividade ou proxecto subvencionado.

Artigo 10. Xustificación do gasto e pagamento da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu cobro, as entidades beneficiarias deberán presentar; a seguinte documentación acreditativa da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento. Esta presentación farase de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, LPACAP, por medios electrónicos, ben a través da sede electrónica (www.lugo.gal) ou a través de calquera dos rexistros electrónicos das administracións públicas segundo o artigo 16.4a do mesmo texto legal.

Con expresa indicación de que de no facelo así, a unidade tramitadora, ao amparo do disposto no artigo 68.4 requirirá a súa subsanación a través da presentación electrónica. A estes efectos, segundo indica textualmente o mencionado texto legal: *“considérase como data de presentación da solicitude aquela na que se realice a subsanación”*.

Documentación a achegar:

a) Memoria explicativa e pormenorizadamente detallada da realización da totalidade da acción subvencionada (imprescindible relación de gastos e ingresos), segundo os modelos que figuran nestas bases como o ANEXO V para actividades e o ANEXO VI para mantemento. Nesta farase unha expresa mención dos resultados obtidos, e conterá unha relación de todos os gastos relativos á actividade subvencionada con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión e, se é o caso, data de pagamento.

Deberase acompañar, se é o caso, de exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, notas de prensa, vídeos, CD-ROM, etc., que se editasen ou publicasen en relación coa dita actividade.

O Concello de Lugo poderá requirir a la entidade beneficiaria a remisión dos xustificantes de gasto que se indiquen na dita relación.

No caso de que se xustifique a través de gastos de desprazamento/aloxamento deberán especificarse os usuarios, motivo e lugar e no caso de que se xustifique a través de gastos de combustible deberá acreditarse a relación coa actividade subvencionada e co beneficiario da subvención. Ademais no caso de combustible deberá presentarse documentación adicional que permita a identificación do vehículo así como a súa titularidade pola Asociación ou entidade beneficiaria e a aplicación íntegra ou parcial do gasto á actividade ou programa concreto subvencionado.

b) No caso de que entre o orzamento presentado no seu día e que foi obxecto de avaliación para a concesión da subvención e o realmente executado existan diferenzas, deberase achegar un informe explicativo destas, segundo os modelos que figuran nestas bases como ANEXO V para actividades e ANEXO VI para mantemento.

c) As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servicios prestados incluíndo os precios desglosados. Deberá acreditarse o pagamento da totalidade das facturas mediante os seguintes medios:

Xustificante do banco da orden de transferencia ou da notificación da domiciliación realizada ou extracto da conta corrente na que figure o cargo dla transferencia realizada, sellada pola entidade financeira.

Copia del cheque emitido a nome do proveedor que emite a factura.

Excepcionalmente, para importes inferiores a 300 euros e siempre que non se trate de gastos de persoal, recibo donde conste a expresión: “recibín en efectivo”, o nome, DNI, firma e selo do cobrador; a identificación da factura correspondente e a súa data de pagamento. Admitiranse os “comprobantes de caixa” para importes inferiores a 50 euros.

Documento justificativo do pagamento con tarxeta, que deberá ser de débito e figurar obrigatoriamente a nome da entidade.

O pagamento dos gastos da Seguridade Social justificaranse co recibo da Liquidación de Cotizacións TC1 co selo de caixa e certificación mecánica ou bien do comprobante bancario que acredite o dito pagamento. O ingreso das retencións de IRPF xustifícanse co modelo 111 co selo da caixa ou certificación mecánica si se paga por ventanilla ou ben comprobante bancario que acredite o pagamento. Ao mesmo tempo deberase achegar o modelo 190 co resumo anual del IRPF.

No caso de pagamento de facturas por importes superiores a 2.500 euros, unicamente se aceptarán os pagos realizados a través do método sinalado no parágrafo anterior.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

d) Declaración responsable; segundo o modelo que figura no ANEXO VII destas bases, acreditativa de:

-Das subvencións ou axudas recibidas para o mesmo proxecto desta ou doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou estranxeiras.

-Que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento para a que se concede a subvención se efectuou nos termos establecidos no proxecto presentado e orzamentado no seu día.

-Que esta entidade está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias fronte á: Axencia Estatal da Administración Tributaria, Tesourería Territorial da Seguridade Social e Concello de Lugo, respectivamente.

-Que as facturas que se presentan coa finalidade de xustificar o gasto:

.Non foron nin serán presentadas -na porcentaxe subvencionada polo Concello de Lugo- como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

.Non inclúen impostos indirectos susceptibles de recuperación ou compensación.

.Conteñen gastos que xa foron aboados á persoa e/ou entidade debedora.

-Que o persoal que desenvolve as súas funcións nesta asociación non ten relación laboral ningunha co Concello de Lugo.

-Que esta entidade lle comunicou ao Servizo de Participación Cidadá o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondentes ao pasado exercicio económico, así como todas as variacións que se produciron na súa xunta directiva (este suposto só para as asociacións).

e) Certificación acreditativa de atoparse ao corrente das obrigas tributarias fronte á Axencia Estatal da Admón Tributaria, á Tesourería Territorial da Seguridade Social e ao Concello de Lugo, respectivamente (En canto ás obrigas tributarias fronte ao Concello de Lugo, realizaránse de oficio trala autorización segundo o Anexo I

No caso de que a documentación presentada teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días, enmende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme o artigo 68 da Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, no caso de que non cumpra o ditor equerimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

Artigo 11. Contía para xustificar

A entidade beneficiaria deberá xustificar o gasto correspondente ao importe da subvención concedida mais o 10 % do custo total do proxecto presentado e orzamentado no seu día. Esta porcentaxe refírese ao 10% do orzamento da actividade inicialmente presentado, por canto ten incidencia na valoración da actividade, con independencia do gasto total efectivamente realizado.

As entidades beneficiarias deben presentar no momento da xustificación unha relación con todos os gastos e ingresos da actividade subvencionada coa finalidade de poder verificar que non existe sobrefinanzamento da mesma.

De non ter xustificado o importe necesario a efectos do cobramento íntegro da subvención ou non aceptarse a totalidade dos gastos como gasto subvencionable minorarase o importe a percibir na contía necesaria se ben entenderase non cumprida a finalidade subvencionada e xa que logo a perda do dereito do cobramento da subvención cando o importe xustificado non acade o 50% do importe concedido, sen prexuízo das sancións que procedan, no seu caso, dacordo á normativa reguladora das subvencións públicas.

Artigo 12. Obrigas das persoas ou entidades beneficiarias

Serán obrigas das asociacións ou entidades beneficiarias das axudas as sinaladas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 14 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no artigo 11 da Ordenanza municipal de subvencións e ademais:

-A presentación da programación das actuacións, así como a publicidade, a difusión, o soporte informático, as publicacións, etc., deberán figurar en idioma galego.

-Non modificar a programación das actividades que se subvencionen sen coñecemento e autorización expresa e previa do Concello.

-Facer constar na publicidade, difusión, publicacións, etc., que se xeren que as actividades están subvencionadas polo Concello de Lugo. Para estes efectos engadirase o logotipo do Concello de Lugo en carteis, dípticos, folletos...

-Comunicarlle ao Concello a realización da actividade para o coñecemento e, se é o caso, participación de responsables municipais.

-Comunicarlle ao Concello de Lugo o orzamento, programa de actividades e número de socias/os correspondente ao ano 2021.

Artigo 13. Data límite para xustificar

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de novembro de 2021**. Transcorrido este prazo, pódense dar dous supostos:

a) Que a entidade beneficiaria presente a xustificación; pero que ésta, a xuízo da oficina xestora, non reúna os requisitos necesarios. Este aspecto comunicáraselle e concederáselle un prazo de dez días para cumprilo, advertíndolle de que de non proceder á subsanación teráselle por desistido da súa solicitude, e entenderase que perde o dereito ao cobro da subvención.

b) Que a entidade beneficiaria non presente a xustificación. Neste suposto requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

O pagamento da subvencións realizarase mediante transferencia bancaria á conta facilitada polo perceptor da subvención.

Artigo 14. Réxime de infraccións e sancións

1-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na lei 38/2003 do 17 de novembro xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3-O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV de dita Lei 38/2003.

4-A presentación fóra de prazo da xustificación, considerarase unha infracción leve, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra de prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo concedido no requerimento adicional.

Artigo 15. ANEXOS NORMALIZADOS: I, II, III, IV, V, VI e VII.

Para solicitar subvención deberán presentar os anexos I,II,III e IV:

ANEXO I.-Modelo normalizado de Solicitude de subvención

ANEXO II.- Modelo Normalizado de proxecto a cubrir polas persoas solicitantes de subvencións para o desenvolvemento de programas e actividades co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO III.-Modelo Normalizado para gastos de mantemento de conservación e pequenas reparacións de infraestruturas, co orzamento detallado dos gastos e ingresos previstos.

ANEXO IV.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

Para xustificar a subvención, deberán presentar os ANEXOS V, VI, VII :

ANEXO V.- Modelo Normalizado de Memoria constando os gastos e ingresos efectuados levados a cabo para o desenvolvemento do programa ou actividade.

ANEXO VI.- Modelo Normalizado de Memoria cos ingresos e gastos levados a cabo en mantemento, conservación e pequenas reparacións das infraestruturas nas que a entidade desenvolve a súa actuación.

ANEXO VII.- Modelo Normalizado de Declaración responsable común a todas as solicitudes.

ANEXO I

 CONCELLO DE LUGO
ANEXO I- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA AS ASOCIACIÓN OU ENTIDADES XURÍDICO-PRIVADAS SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVEN A SÚA ACTIVIDADE NO EIDO DO BENESTAR SOCIAL A TRAVÉS DE ACTIVIDADES DE MARCADO INTERÉS SOCIAL E PARA O MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACIÓNS DAS INFRAESTRUTURAS NAS QUE SE LEVAN A CABO ESTAS ACTIVIDADES. -EXERCICIO ECONÓMICO 2021.

DATOS DA ASOCIACIÓN / ENTIDADE

NOME:		CIF:		Nº REXISTRO MUNICIPAL:	
ENDEREZO SOCIAL:				CONCELLO:	
PROVINCIA:	CÓDIGO POSTAL:	TELÉFONO:	CORREO ELECTRÓNICO:		
PERTENCE A UNHA FEDERACIÓN / AGRUPACIÓN: ☐ NON ☐ SI INDICAR CAL:					

DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE

NOME e APELIDOS:		NIF/NIE:
CARGO NA ASOCIACIÓN:		
CORREO ELECTRÓNICO PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN		

DATOS DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE PARA A QUE SOLICITA SUBVENCIÓN:

DENOMINACIÓN:
IMPORTE TOTAL DO ORZAMENTO:
IMPORTE DA SUBVENCIÓN SOLICITADA:

- Acepto o compromiso de destinar a subvención que se conceda á execución do proxecto ou actividade solicitada, así como todos os compromisos e obrigas derivadas da lexislación aplicable e das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para o exercicio en curso.
- Autorízolle expresamente ao Concello de Lugo para comprobar das diferentes administracións públicas e/ou entidades privadas a verificación dos datos e informacións declaradas.

- Autorízolle ao Concello de Lugo a comprobar que a entidade que represento se atopa ao corrente coas obrigas tributarias municipais.

NOTA: verifique a documentación que debe achegar xunto con esta solicitude, segundo o definido na convocatoria

Lugo, a de de 2021
Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

Á solicitude xuntaraselle a seguinte documentación, que se presentará de acordo cos modelos dos anexos:

DOCUMENTACIÓN XERAL:

- Fotocopia do NIF da persoa que actúa como representante e documento acreditativo da representación que ostenta na entidade ou asociación.
- Certificación da conta bancaria da asociación.
- Declaración responsable para os efectos de solicitar segundo modelo:ANEXO IV.
- Declaración responsable da persoa que actúa como presidenta ou como secretaria da entidade, na que conste a relación de persoas que figuran na xunta directiva, así como as diferentes vogalías ou departamentos cos que conta.
- Fotocopia do CIF da asociación ou institución que representa
- Copia dos estatutos ou documentos acreditativos da personalidade da entidade. Na copia dos estatutos deberá figurar o selo xustificativo da inscrición no rexistro público correspondente.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de fundacións da Xunta de Galicia, no do Estado ou en ambos os dous.
- Acreditar a súa inscrición, de ser o caso, no Rexistro de entidades relixiosas da Dirección Xeral de Cooperación Xurídica Internacional e Relacións coas Confesións dependente da Subdirección Xeral de Relacións coas Confesións ou en calquera outro rexistro público que as acredite como tal.
- Documentación acreditativa das súas normas, fins, obxectivos...
- Documentación acreditativa de todos e cada un dos criterios de avaliación contidos no artigo 8 das bases reguladoras.

DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA:

Cando os obxectivos das subvencións sexan programas de actividades:

- Memoria do programa de actividades, relación gastos/ingresos segundo modelo:ANEXO II.

Cando o obxecto da subvención sexan os gastos de mantemento e reparación de infraestrutura e equipamento:

- Memoria da necesidade do gasto, segundo modelo ANEXO III.

ANEXO II**MODELO NORMALIZADO DA ACTIVIDADE OU PROGRAMA A SUBVENCIONAR QUE SE VAI DESENVOLVER DURANTE O EXERCICIO ECONÓMICO DE 2021**

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE.

--

DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS A DESENVOLVER: (detallar exactamente en que consisten, todas e cada unha das accións a desenvolver).

--

INTERESE XERAL DO PROGRAMA OU ACTIVIDADE (especificar se vai dirixido á poboación en xeral ou a un colectivo concreto).

--

OBJECTIVOS DA ACTIVIDADE (qué se pretende conseguir en relación cos fins da asociación)

a) Obxectivos xerais:

--

b) Obxectivos específicos:

--

COLECTIVO OU COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE SOCIAL AOS QUE SE DIRIXEN AS ACTIVIDADES (Indicar o sector ou colectivo ao que vai dirixido, especificando en valores aproximados e globais: o número de persoas que o integran, a porcentaxe de homes e mulleres, as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Total integrantes	Homes/ idades	Mulleres/ idades
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.			
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.			
☐ Persoas paradas de longa duración.			

☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.			
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial			
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.			
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.			
☐ Persoas toxicómanas.			
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.			
☐ Persoas enfermas terminais.			
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.			
☐ Persoas inmigrantes.			
☐ Minorías étnicas.			
☐ Outras:			

ESPECIALIZACIÓN NA ATENCIÓN AO COLECTIVO AO QUE VAI DIRIXIDA A ACTIVIDADE:

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se van a realizar cada unha das actividades, se teñen carácter permanente e continuo, número de anos que levan desenvolvéndose...).

LUGAR OU LUGARES PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES. (especificar, ademais, se se trata de actividades a desenvolver en zoas do municipio con menor incidencia da acción e participación social:

RELACIÓN DETALLADA DA COORDINACIÓN E COLABORACIÓN CO CONCELLO (documentación acreditativa desta).

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Recursos materiais.

--

(Breve descripción do local onde se vai realizar o gasto):

M2	Núm. Habitáculos/distribución
Ubicación:	
Equipamento actual:	
Réxime de posesión ou tenza do local. ¿A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade? NON ☐ SI ☐ * Local en alugueiro ☐ Local en propiedade ☐ En réxime de cesión ☐ (*)Achegar xustificación documental do alugueiro ou propiedade.	
Outros datos que se consideren relevantes:	

b) Recursos humanos (indicar o número e categoría profesional das persoas que desenvolvan o programa ou actividade).

--

c) Recursos económicos

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-Gastos de persoal.	
-Gastos de actividades.	
-Gastos de alugueiro.	
-Gastos de subministracións.	
-Gastos de publicidade e imprenta ata un máximo do 10% do custo da acción subvencionada.	
-Gastos de xestión.	
-Outros...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DOS INGRESOS PREVISTOS E NECESARIOS PARA FINANCIAR A ACCIÓN SUBVENCIONADA: (subvencións públicas, privadas, cotas de socios, outras financiación, ...).

Concepto	importe
----------	---------

Lugo, a de de 2021

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO III**MODELO NORMALIZADO DE PROXECTO A CUBRIR POLAS PERSOAS SOLICITANTES DE SUBVENCÍONS PARA GASTOS DE MANTEMENTO, CONSERVACIÓN E PEQUENAS REPARACÍONS DE INFRAESTRUCTURAS EXERCICIO 2021.**

DENOMINACIÓN DO PROGRAMA:

--

GASTO PROPOSTO: (breve explicación deste).

--

XUSTIFICACIÓN DA NECESIDADE DO GASTO EN RELACIÓN COA ACTIVIDADE A DESENVOLVER.

--

BREVE DESCRICIÓN DO LOCAL ONDE SE VAI REALIZAR O GASTO.

M2	Núm. Habitáculos/distribución
Ubicación:	
Equipamento actual:	
Réxime de posesión ou tenza do local. ¿A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade? NON ☐ SI ☐ * Local en alugueiro ☐ Local en propiedade ☐ En réxime de cesión ☐ (*)Achegar xustificación documental do alugueiro ou propiedade.	
Outros datos que se consideren relevantes:	

DESCRICIÓN DAS ACTUACÍONS QUE DESENVOLVE A ENTIDADE: (enumerar os programas e actividades que vai desenvolver a entidade en 2021).

OBXECTIVOS DA ACTIVIDADE (qué se pretende conseguir con ela)

a) Obxectivos xerais:

b) Obxectivos específicos:

COLECTIVO OU COLECTIVOS EN SITUACIÓN DE DESVANTAXE SOCIALS AOS QUE SE DIRIXEN AS ACTIVIDADES (Indicar o sector ou colectivo ao que van dirixidas, especificando, en valores aproximados e globais: o número de persoas que o integran, a porcentaxe de homes e mulleres, as súas idades).

Sector ou colectivo ao que se dirixe o programa.	Nº socios e de beneficiarios
☐ Infancia en situación de desvantaxe e/ou risco social.	
☐ Menores de 25 anos demandantes do primeiro emprego e que abandonaran prematuramente a formación regrada ou que presenten fracaso escolar.	
☐ Persoas paradas de longa duración.	
☐ Familia, infancia, persoas maiores en situación de vulnerabilidade.	
☐ Persoas con discapacidade: ☐ Física. ☐ Psíquica. ☐ Sensorial	
☐ Persoas reclusas e/ou ex-reclusas.	
☐ Persoas transeúntes e sen fogar.	
☐ Persoas toxicómanas.	
☐ Persoas enfermas psiquiátricas non institucionalizadas.	
☐ Persoas enfermas terminais.	
☐ Persoas sen fogar e transeúntes.	
☐ Persoas inmigrantes.	

☐ Minorías étnicas.

☐ Outras:

ESPECIALIZACIÓN NA ATENCIÓN AO COLECTIVO AO QUE VAI DIRIXIDA A ACTIVIDADE:

--

CRONOGRAMA DE REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES (Indicar cando se van a realizar cada unha das actividades, se teñen carácter permanente e continuo, número de anos que levan desenvolvéndose...).

--

LUGAR OU LUGARES PREVISTOS PARA A REALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES. (especificar, ademais, se se trata de actividades a desenvolver en zoas do municipio con menor incidencia da acción e participación social:

--

RELACIÓN DETALLADA DA COORDINACIÓN E COLABORACIÓN CO CONCELLO (documentación acreditativa desta).

--

RECURSOS NECESARIOS PARA A EXECUCIÓN DAS ACTIVIDADES.

- Recursos materiais.

--

(Breve descrición do local onde se vai realizar o gasto):

M2	Núm. Habitáculos/distribución
Ubicación:	
Equipamento actual:	
Réxime de posesión ou tenza do local. ¿A Asociación conta con local social exclusivo para uso da entidade? NON ☐ SI ☐ * Local en alugueiro ☐ Local en propiedade ☐ En réxime de cesión ☐ (*)Achegar xustificación documental do alugueiro ou propiedade.	
Outros datos que se consideren relevantes:	

b) Recursos humanos (indicar o número e categoría profesional das persoas que desenvolvan o programa ou actividade).

--

ORZAMENTO DETALLADO DOS GASTOS CORRENTES PREVISTOS E NE-CESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA ACCIÓN SUBVENCIONADA:

Concepto	importe
-En pequenas reparacións.	
-En mantemento e conservación de bens propios ou alugados.	
-En material non inventariable	
-En limpeza.	
-En vestiario de traballo	
...	
TOTAL	

ORZAMENTO DETALLADO DE INGRESOS PREVISTOS A EFECTOS DE FINANCIAR A ACCIÓN SUBVENCIONADA: (subvencións públicas, privadas, cotas de socios, outras financiación, ...).

Concepto	importe

Lugo, a de de 2021

Sinatura, Selo da Asociación

Asdo:

ANEXO IV**MODELO NORMALIZADO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA OS EFECTOS DE SOLICITAR SUBVENCIÓN**

D./D.^a-----provista/o do NIF nº-----en
calidade de (presidenta/e, secretaria/o...) de-----con enderezo
social en-----de Lugo e con CIF nº-----

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE QUE:

1.- Esta entidade (*marque cunha cruz a opción que proceda*) solicitou e recibiu subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, nacionais ou internacionais para a mesma finalidade.

- SI
- NON

*Ata o día de hoxe e referidos ao exercicio económico de 2021, esta entidade solicitou/recibiu outra subvención (indicar procedencia e contía) por parte de:

SUBVENCIÓN SOLICITADA	ORGANISMO ANTE O QUE SE SOLICITA	CONTÍA SOLICITADA
